



Ilustración: Aida Alfonso

O SALÓN

XXII SALÓN INTERNACIONAL
DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL
DE PONTEVEDRA

**EMERXENCIA
LITERARIA!**
Os libros salvan o planeta

Do 23 de abril ao 9 de maio de 2021
Pazo da Cultura de Pontevedra e Illa do Covo
www.salondolibro.gal



HORARIO

De luns a xoves:

De 17.00 a 20.00 h

Os venres:

De 17.00 a 20.30 h

Os sábados e domingos:

De 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.30 h

www.salondolibro.gal



O SAL ÓN

XXII SALÓN INTERNACIONAL
DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL
DE PONTEVEDRA

**EMERXENCIA
LITERARIA!**
Os libros salvan o planeta


EMERXENCIA LITERARIA: OS LIBROS SALVAN O PLANETA

Non hai virus que poda coa forza da palabra, lida, narrada, escoitada, ilustrada. Non hai pandemia que acabe coa nosa necesidade de perdérmonos noutros mundos para atoparnos dentro deles, de inventar historias, de compartir aventuras, de sentir a música e facernos voar. **Se algo podemos aprender neste ano é que necesitamos, máis ca nunca, una cultura que sirva para compartirmos experiencias, soños e arelas.**

Unha cultura que nos sirva para reflexionar, para facernos máis fortes como comunidade, como cidade, como país. Por esa cultura, vizosa e valente, apostamos sempre en Pontevedra, en todas as nosas propostas. Mais sempre tivemos un agarimo especial polo Salón, que leva sendo máis de dúas décadas o noso mascarón de proa neste *nós tamén navegar. da cidade.*

O ano pasado tivemos que pechar as portas do Salón polo estado de alarma e a crise da COVID19 mais logo abrimos as xanelas do **Salón virtual, máis de dous meses de actividades diarias para fornecer a familias e escolas de contos, cantos, música e xogos, en galego nun momento no que o mundo se reducía ás paredes das nosas casas.** Tamén para apoiar un sector cultural do que sempre tivemos orgullo e que agora precisa, máis ca nunca que sigamos contratando, programando e creando espazos para que compartan co público seu talento indiscutible.

Baixo esta mesma premisa concibimos esta XXII edición dun Salón en tempos de pandemia, de emerxencia literaria co convencemento de que os libros poden, aínda salvar o planeta. Dedicamos este ano á reflexión sobre o cambio climático, o medioambiente e o futuro do planeta. Esta reflexión non é nova en Pontevedra, onde levamos máis de vinte anos creando un modelo de cidade humana e sustentábel, exportando o efecto PO2 por todo o mundo. Preparamos para vós, familias, escolas, profesionais, un programa ambicioso onde o teatro, a música, a narración oral, a escrita, a ilustración, o cinema, a educación ambiental, as novas tecnoloxías, a maxia e a arte van da man dos libros para facernos gozar e reflexionar ao tempo. **Este ano, teremos máis Salón que nunca, espallando actividades por toda a cidade, polas parroquias e tomando como centro base, ademais do pazo de Cultura, a Illa do Covo,** cun salón ao aire libre que busca, á vez, a conexión coa natureza e ofrecer una alternativa segura. Levamos todo o ano para ofrecervos **un Salón seguro, coas máximas medidas de seguridade e a mesma ilusión de sempre.** Como alternativa ás visitas que nos facían as escolas, para a seguridade de todos e todas, decidimos levarlle o Salón tamén aos centros, contacontos, música e encontros con autoras, ilustradoras



e editoras para afondar no mundo do libro como ecosistema creativo e creador. Tamén ofrecemos as reflexións das persoas expertas na mediación lectora e iniciativas pioneiras en todo o mundo arredor da lectura no III Congreso Internacional de Mediación Lectora, en colaboración coa Universidade de Vigo.

Dadas as restricións de mobilidade decidimos non ter un único país convidado, senón o PLANETA ENTEIRO, colaborando virtualmente coa Rede de Escolas Asociadas da UNESCO de todo o mundo, buscando crear sinerxías arredor dun tema común, a necesidade de mudar a nosa forma de vida, de economía, de consumo para asegurar un futuro para o noso hábitat.

Decidimos retomar a Helena Villar Janeiro e a Kiko Dasilva como autora e ilustrador homenaxeado, respectivamente, xa que o ano pasado non puidemos darlles a celebración e a visibilidade que merecen.

Vinte días de actividades en escolas, na cidade, na Illa do Covo, no Teatro Principal, nos espazos forestais recuperados da Fracha, da Tomba e do Pontillón do Castro, máis salón ca nunca no que **tamén ofreceremos, no Salón Tv, contidos en vídeo (streaming) de actividades que acontezan en directo,** así coma contidos virtuais exclusivos para gozar durante todo

o ano. Incorporamos o Rodalibro itinerante, unha biblioteca en movemento que levará libros e actividades por todas as parroquias, un espazo para os videoxogos da man dos nosos amigos do MUVI, unha escola de escrita xuvenil, un ciclo de faladoiros literarios interxeracionais, unha escola da Terra... Unha mancha de novidades e, desta vez si, a nosa *Orbil Parade* poderá este ano facilitar roteiros a pé polos espazos senlleiros da nosa cidade, seguindo a pegada do noso lobo lector.

Para a seguridade de todos e todas, será preciso SEMPRE inscribirse para calquera actividade, que serán de balde na súa práctica totalidade. Estade ben atentas ao “manual de uso” deste ano.

Agardamos que gocedes dunha programación única e pioneira neste tempo de pandemia, que nace do convencemento de que necesitamos, agora máis ca nunca, de cultura para sermos o país que somos e sobre todo, traballarmos para conseguir ser o país que queremos ser.

O SALÓN: Modos de uso

PARA GOZAR DO SALÓN, TEDE EN CONTA QUE...

Todas as actividades son **de balde** pero, para controlarmos a capacidade, **cómpre INSCRIPCIÓN PREVIA para TODAS AS ACTIVIDADES**. As fins de semana tamén tes que reservar para visitar o espazo ambientado no Pazo de Cultura.

Para inscribivros, teredes que visitar o web: **www.salondolibro.gal** no apartado **PROGRAMACIÓN 2021** e escoller, dentro do calendario, a actividade desexada. Unha vez dentro da actividade, preme no apartado **RESERVAR ENTRADA**, escolle o número de prazas que desexas e dálle ao botón de **CONFIRMAR RESERVA**. **Ollo! Se non dás a CONFIRMAR, non se fai efectiva a reserva.**

Logo recibirás un correo electrónico de confirmación, cun código de barras que debes levar no teu móbil (ou impreso, se non usas *smartphone*) á actividade.



OLLO! ATENCIÓN! MOI IMPORTANTE!

As actividades este ano **teñen a capacidade MOI REDUCIDA polas restricións COVID19**. Isto permitirá, con certeza, unha atención personalizada e unha experiencia magnífica e única en cada actividade **PERO se por algunha razón tedes entrada e NON podedes vir ESCRIBIDE O ANTES POSIBLE ao enderezo: reservasalondolibro@gmail.com indicando día, hora e actividade e nº de prazas que "liberades"** para que poidamos poñelas de novo "á venda".

ORGANIZACIÓN, SEGURIDADE, PACIENCIA E... A GOZAR!

A pandemia quitounos a posibilidade de improvisar, de chegar enriba da hora... pero non nos impedirá gozar, un ano máis, do noso querido Salón.

Tentade chegar só un chisco antes das actividades para evitar amoreamentos innecesarios e tede paciencia porque a loxística será máis complicada que os outros anos (como a vida, en xeral).

Tedes que traer máscara e aplicar xel hidroalcohólico para todas as actividades e, IMPORTANTE, NON SE PODERÁ COMER nos espazos pechados nin nos abertos se non gardamos a distancia de seguridade.

Entre todos e todas faremos un Salón seguro.

PRÉSTAMO DE LIBROS

Para compensar as restricións de cabida, este ano decidimos habilitar o préstamo de libros da biblioteca do Salón. A que moza? **Podedes levar DOUS LIBROS por crianza por un máximo dunha semana.** Temos unha chea de libros novos para compartirmos con vós! Máis de 2.000 libros ao voso dispor!



VISITAS AO SALÓN

De luns a xoves, para visitar o espazo ambientado do Pazo da Cultura podes achegarte sen reserva previa, mais debes deixar os teus datos na entrada.

Os venres pola tarde, sábados e domingos, para visitar o Salón, debes “reservar entrada” en calquera das quendas de visita:

- De mañá na quenda de 11.00 a 12.15h
- De mañá na quenda de 12.45 a 14.00h
- De tarde na quenda de 17.00 a 18.15h
- De mañá na quenda de 18.45 a 20.00h

Para iso, dentro do calendario de actividades de cada día, podes escoller a opción que máis che preste. Tamén poderemos facilitarche entrada in situ, se aínda quedan prazas de visita dispoñibles. **Para garantir a túa praza, mellor reserva antes, axilizarás o proceso e axudararnos moito ás que traballamos na organización!**



ONDE

Para o máximo goce e a seguridade de todos e todas, **o Salón ocupará distintos espazos da cidade e as parroquias.** Teremos unha **“sucursal” fixa na Illa do Covo, ao ar libre.** No caso de que a climatoloxía non o permita, resituaremos as actividades no **Pazo da Cultura, en espazos seguros e confortables.**



APERTURA DE BILLETEIRAS VIRTUAIS:

Cada mércores, desde o mércores 21 de abril, **abriremos as billeteiras das actividades da semana, de mércores a mércores.**

PROGRAMA

VENRES 23 DE ABRIL

18.30 h

● **ESPECTÁCULO**

TAMÉN EN STREAMING www.salondolibro.gal

Inauguración oficial da XXII edición do Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra
Non o ves? Salvemos o planeta

Dirección: Marcelo Dobode

Presenta: Mariña Paz

Actúan: Mariña Paz, Coro da Xunqueira, Xingro's Big Band, Silvia Martín e Lucía Franco.

Auditorio do Pazo de Cultura

SÁBADO 24 DE ABRIL

MAÑÁ

11.00 a 13.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movemento para salvar o planeta

Miradoiro de Monte Porreiro

11.00 h

● **CONTACONTOS ITINERANTE**

Contos en bicicleta (para coidar o planeta!)

Anxo Moure

Centro histórico

11.15 e 12.45 h (2 quendas)

● **OBRADOIRO CREATIVO**

Sabes que é un ECOPUP?

Anxo Fariña

Illa do Covo | De 6 a 11 anos

- **CONTACONTOS**
- **OBRADOIROS**
- **RODALIBROS DO SALÓN**
- **TEATRO E ESPECTÁCULOS**
- **MÚSICA E CONCERTOS**
- **VISITAS, ROTEIROS E PASEOS**
- **FALADOIROS**
- **CINEMA**

11.30 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

Videoxogos e ecoloxía

MUVI

Recanto tecnolóxico do Pazo da Cultura
A partir de 6 anos

12.30 h

● **CONTACONTOS**

Unha árbore vén vernos

Anxo Moure

Illa do Covo | Público familiar

12.30 h

● **OBRADOIRO AUDIOVISUAL**

Videoclip: ao rescate do planeta!

Leucoíña Pasea

Espazo A Xungla do Pazo da Cultura | A partir de 6 anos

TARDE

17.00 a 20.00 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movemento para salvar o planeta

A Fracha

17.15 h

● **OBRADOIRO DE COCIÑA**

Eco merendas (con contos!)

ReviraVolta

Espazo GASTROLIBRO do Pazo da Cultura | De 4 a 10 anos

17.30 h

● **CONTACONTOS PARA BEBÉS**

Bichocas

Atenea Fernández

Sala de obradoiros | Pazo da Cultura | 0-3 anos

17.30 h

● **OBRADOIRO AUDIOVISUAL**

Videoclip: ao rescate do planeta!

Leucoíña Pasea

Espazo A Xungla do Pazo da Cultura | A partir de 6 anos

17.30 h

● **CONTACONTOS**

Planeta en obras

Brais das Hortas

Illa do Covo | Público familiar

17.30 h

● **CONTACONTOS NA FRACHA**

Contos para coidar a terra. *Proxecto Cuco: cultura contra o cambio climático*

Anxo Moure

A Fracha | Público familiar

18.30 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

Videoxogos e ecoloxía

MUVI

Sala de exposicións do Pazo da Cultura
A partir de 6 anos

19.00 h

● **MÚSICA, CONTOS E ILUSTRACIÓN**

Dobre Extra!

Paco Nogueiras e Marc Taeger

Auditorio do Pazo da Cultura | Público familiar

19.00 h

● **CINE EN FAMILIA**

Fantástico señor Fox

Proxección a cargo do Cineclub de Pontevedra

Animación dirixida por **Wes Anderson**, baseada no libro de **Ronald Dahl**

Teatro Principal | Público familiar

19.30 h

● **FALADOIRO CREATIVO**

TAMÉN EN STREAMING www.salondolibro.gal

Galpón Lab

Presentan a iniciativa Iria Rodríguez e Eva Fandiño

Salón de actos do Pazo da Cultura | Público adulto

DOMINGO 25 DE ABRIL

MAÑÁ

11.00 a 13.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movemento para salvar o planeta

Praza do Ramallás, Lérez

11.30 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

Videoxogos e ecoloxía

MUVI

Recanto tecnolóxico do Pazo da Cultura
A partir de 6 anos

11.30 h

● **ROTEIRO ARTÍSTICO-AMBIENTAL**

Gabinete de curiosidades pola Illa do Covo

Recanto da Arte. Asociación Paspallás

Illa do Covo | Punto de Información | A partir de 6 anos

Inscripcións no correo-e:
asociacion.paspallas@gmail.com

12.00 h

● **CONTACONTOS MUSICAL PARA BEBÉS**

Un berce cheo de contos

Bea Campos

Sala de obradoiros do Pazo da Cultura | 0-3 anos

12.00 h

● **CONTOS E MÚSICA**

A voar!

Ce Orquesta Pantasma

Illa do Covo | Público familiar

12.15 h

● **OBRADOIRO FAMILIAR DE AGRICULTURA ECOLÓXICA**

**A terra en nós:
Plantas que curan o corpo e a alma**

Pura Seoane. Hortasán

Illa do Covo

Inscripcións no correo-e:
salondolibro@pontevedra.gal

12.30 h

● **ESPECTÁCULO DE TEATRO E MONICREQUES**

ESTREA!

Ás para Alex

Baobab Teatro

Auditorio do Pazo da Cultura

Público familiar con crianzas a partir de 5 anos

TARDE

17.00 a 20.00 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movemento para salvar o planeta

Praia fluvial da Xunqueira en Ponte Sampaio

17.15 h

● **OBRADOIRO DE COCIÑA**

Eco merendas (con contos!)

ReviraVolta

Espazo Gastrolibro do Pazo da Cultura | De 4 a 10 anos

17.30 h

● **CONTACONTOS MUSICAL PARA BEBÉS**

Un berce cheo de contos

Bea Campos

Sala de obradoiros do Pazo da Cultura | 0-3 anos

18.00 h

● **CONTACONTOS**

**No medio do bosque hai unha casa
e na casa, un libro**

Paula Carballeira

Illa do Covo | Público familiar

18.30 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

Videoxogos e ecoloxía

MUVI

Recanto tecnolóxico do Pazo da Cultura

Público familiar e crianzas de máis de 6 anos

19.00 h

● **ESPECTÁCULO DE TEATRO E MONICREQUES**

ESTREA!

Ás para Alex

Baobab Teatro

Auditorio do Pazo da Cultura

Público familiar con crianzas a partir de 5 anos

19.30 h

● **MÚSICA-DIVULGACIÓN**

TAMÉN EN STREAMING www.salondolibro.gal

Pangea

Abraham Cupeiro

Salón de actos do Pazo da Cultura
Público familiar e adulto

LUNS 26 DE ABRIL

10.30 h

● **CONTACONTOS VIRTUAL PARA ESCOLAS**

SÓ ONLINE www.salondolibro.gal

Contos para sandar o planeta

Andrea Bayer

O SalónTv

17.00 a 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movemento para salvar o planeta

Local social da Devesa, Alba

17.00 e 18.30 h (2 quendas)

● **VISITA GUIADA AO SALÓN**

PlanetaLibro

Monitorado do Salón

Sala de exposicións | Pazo da Cultura | Público familiar

18.00 h

● **CONTACONTOS**

Contos para sandar o planeta

Andrea Bayer

Illa do Covo | Público familiar

MARTES 27 DE ABRIL

10.30 h

● **CONTACONTOS VIRTUAL PARA ESCOLAS**

SÓ ONLINE www.salondolibro.gal

Encontros na fraga

Pavís Pavós

O SalónTv

17.00 a 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movemento para salvar o planeta

Adro da Igrexa de Bora

17.15 h

● **OBRADOIRO AMBIENTAL P02**

Desplastificate!

Monitorado do Salón coa Rede
de Escolas Asociadas da Unesco

Illa do Covo

18.00 h

● **CONTACONTOS**

Encontros na fraga

Pavís Pavós

Illa do Covo | Público familiar

MÉRCORES 28 DE ABRIL

10.30 h

● **CONTACTOS VIRTUAL PARA ESCOLAS**

SÓ ONLINE www.salondolibro.gal

Historias de bicharracos

Marcos Dios (Bicharracos)

O SalónTv

17.00 a 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movimiento para salvar o planeta

Centro social de Campañó, en Cabaleiro

17.15 h

● **OBRA DOIRO ARTÍSTICO**

Ler, interpretar, representar: creamos co libro

Recanto da Arte. Asociación Paspallás

Illa do Covo | A partir de 8 anos

18.00 h

● **CONTACTOS**

Historias de bicharracos

Bicharracos

Illa do Covo | Público familiar

18.00 h

● **ESCOLA DE ESCRITA**

A escribir transformamos o mundo

Manuel Lourenzo González

Sala de obradoiros do Pazo da Cultura | Público xuvenil

Inscripcións no correo-e:

salondolibro@pontevedra.gal

19.00 h

● **FALADOIRO LITERARIO-CIENTÍFICO**

TAMÉN EN STREAMING www.salondolibro.gal

Conversas arredor de “Os nenos da varíola”

María Solar, Luísa Martínez e Marta López

Salón de actos do Pazo da Cultura

XOVES 29 DE ABRIL

10.30 h

● **CONTACTOS VIRTUAL PARA ESCOLAS**

SÓ ONLINE www.salondolibro.gal

Aldara na montaña

Soraya Lema

O SalónTv

17.00 a 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movimiento para salvar o planeta

Centro social da Canicouva

17.15 h

● **OBRA DOIRO DE CREACIÓN: PINTURA MURAL**

Murais para o planeta

Matrioska

Illa do Covo | A partir de 6 anos

17.30 h

● **ROTEIRO AMBIENTAL**

Espazos que ensinan: cidade e medioambiente

Taller Abierto

Illa do Covo | Nenos e nenas de entre 5 e 10 anos

Inscripcións no correo-e:
contacto@tallerabierto.info

18.00 h

● **CONTACONTOS**

Aldara na montaña

Soraya Lema

Illa do Covo

19.30 h

● **DIÁLOGOS CREADORES**

TAMÉN EN STREAMING www.salondolibro.gal

Conversas arredor da creación de BD

Miguelanxo Prado e Pablo Prado

Salón de actos do Pazo da Cultura

Público xuvenil e adulto

VENRES 30 DE ABRIL

10.30 h

● **CONTACONTOS VIRTUAL PARA ESCOLAS**

SÓ ONLINE www.salondolibro.gal

Libredón

Soledad Felloza

0 SalónTv

17.00 a 20.00 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movemento para salvar o planeta

Igrexa de Cerponzóns

17.15 h

● **OBRAIDOIRO DE CREACIÓN: PINTURA MURAL**

Murais para o planeta

Matrioska

Illa do Covo | A partir de 6 anos

17.15 h

● **OBRAIDOIRO ARTÍSTICO**

Aí vén o maio!

Recanto da Arte. Asociación Paspallás

Illa do Covo | A partir de 6 anos

17.30 h

● **OBRAIDOIRO CREATIVO PARA BEBÉS**

A nosa pegada é verde

Sheila López

Sala de obradoiros | 0-3 anos

18.00 h

● **ROTEIRO LITERARIO-AMBIENTAL**

Entre libros e árbores

Leucoíña Pasea

Público familiar

Inscripcións a través do enderezo:

paseapontevedra@gmail.com

18.00 h

● **CONTACONTOS**

Libredón

Soledad Felloza

Illa do Covo | Público familiar

18.00 h

● **OBRADOIRO AUDIOVISUAL**

BookTubers

Nee Barros

Obradoiro para a moz@s e adult@s

Salón de actos do Pazo da Cultura

19.30 h

● **TEATRO**

Os nenos da varíola

Pérez e Fernández

Auditorio do Pazo de Cultura | Público familiar e adulto

SÁBADO 1 DE MAIO

MAÑÁ

11.30 h

● **OBRADOIRO CREATIVO**

Aí vén o maio!

Recanto da Arte. Asociación Paspallás

Illa do Covo | A partir de 6 anos

11.30 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

Videoxogos e ecoloxía

MUVI

Sala de exposicións | Público familiar a partir de 7 anos

12.30 h

● **CONTACONTOS MUSICAL**

O agasallo das árbores

Cris de Caldas e Xabi do Camiño

Illa do Covo

12.30 h

● **OBRADOIRO AUDIOVISUAL**

Videoclip: ao rescate do planeta!

Leucoíña Pasea

Espazo A Xungla do Pazo da Cultura

TARDE

17.00 a 20.00 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movemento para salvar o planeta

Centro social de Santa María de Xeve

17.15 h

● **OBRADOIRO DE COCIÑA**

Eco merendas (con contos!)

ReviraVolta

Espazo Gastrolibro do Pazo da Cultura | De 4 a 10 anos

17.30 h

● **CONTACONTOS PARA BEBÉS**

Verde

Charo Pita

Sala de obradoiros do Pazo da Cultura | 0-3 anos

17.30 h

● **ROTEIRO AMBIENTAL**

Espazos que ensinan: cidade e medioambiente

Taller Abierto

Illa do Covo | Nenos e nenas de entre 5 e 10 anos

Inscripcións no correo-e:
contacto@tallerabierto.info

18.00 h

● **CONCERTO**

Ramona Orbita: dona do tempo

Pakolas

Illa do Covo | Público familiar

18.30 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

Videoxogos e ecoloxía

MUVI

Sala de exposicións | Pazo da Cultura | A partir de 7 anos

19.00 h

● **CINE EN FAMILIA**

As vidas de Marona

Animación de Anca Damian

Proxección a cargo do **Cineclub de Pontevedra**

Teatro Principal | Público familiar

DOMINGO 2 DE MAIO

MAÑÁ

11.00 a 13.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movemento para salvar o planeta

Illa do Covo

11.30 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

Videoxogos e ecoloxía

MUVI

Sala de exposicións do Pazo da Cultura
A partir de 7 anos

12.00 h

● **ESPECTÁCULO DE MONICREQUES**

Contacreques

Emedous

Teatro Principal | Domingos do Principal | Público familiar

Entradas en: www.ataquilla.com

12.00 h

● **OBRADOIRO DE AGRICULTURA ECOLÓXICA**

**A terra e nós:
Plantas que curan o corpo e a alma**

Pura Seoane, Hortasán

Illa do Covo

Inscripcións no correo-e:
salondolibro@pontevedra.gal

12.00 h

● **CONTOS E MÚSICA PARA BEBÉS**

Gatuxo

Magín Blanco e María Faltri

Sala de obradoiros do Pazo da Cultura | 0-3 anos

12.30 h

● **ESPECTÁCULO MÚSICAL**

ESTREA!

A auténtica vida salvaxe

Lucía Aldao, María Lado e o Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra

Auditorio do Pazo da Cultura | Público familiar

12.30 h

● **OBRADOIRO AUDIOVISUAL**

Eco Videoclip: Rescate do planeta

Leucoíña Pasea

Espazo A Xungla do Pazo da Cultura | A partir de 5 anos

TARDE

17.00 a 20.00 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movemento para salvar o planeta

O Miradoiro da Tomba

17.15 h

● **OBRADOIRO DE COCIÑA**

Eco merendas (con contos!)

ReviraVolta

Espazo Gastrolibro do Pazo da Cultura | De 4 a 10 anos

17.15 e 18.30 h (2 quendas)

● **OBRADOIRO ARTÍSTICO**

Visita diver no Museo Portátil

Recanto da Arte. Asociación Paspallás

Espazo A Xungla do Pazo da Cultura | A partir de 5 anos

17.30 h

● **CONTOS E MÚSICA PARA BEBÉS**

Gatuxo

Magín Blanco e María Faltri

Sala de obradoiros do Pazo da Cultura | 0-3 anos

18.00 h

● **OBRADOIRO AMBIENTAL**

Plástico no Mar. Cambiemos o conto!

Estefanía Padullés

Illa do Covo

18.30 h

● **ESPECTÁCULO DE MONICREQUES**

Contacreques

Emedous

Teatro Principal | Domingos do Principal | Público familiar

Entradas en: www.ataquilla.com

19.00 h

● **ESPECTÁCULO MÚSICAL**

ESTREA!

A auténtica vida salvaxe

Lucía Aldao e María Lado + Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra

Auditorio do Pazo da Cultura | Público familiar

LUNS 3 DE MAIO

10.30 h

● **CONTACTOS VIRTUAL PARA ESCOLAS**

SÓ ONLINE www.salondolibro.gal

Raposadas

Raquel Queizás

O Salóntv

17.00 a 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movemento para salvar o planeta

Mosteiro de Lérez

17.00 e 18.30 h (2 quendas)

● **VISITA GUIADA AO SALÓN**

PlanetaLibro

Monitorado do Salón

Sala de exposicións do Pazo da Cultura | Público familiar

18.00 h

● **CONTACTOS**

Raposadas

Raquel Queizás

Illa do Covo | Público familiar

MARTES 4 DE MAIO

10.30 h

● **CONTACTOS VIRTUAL PARA ESCOLAS**

SÓ ONLINE www.salondolibro.gal

Contos da terra, terra de contos

Celso Sanmartín

O Salóntv

17.00 a 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movemento para salvar o planeta

Centro social de Marcón

17.15 h

● **OBRADOIRO AMBIENTAL PO2**

Desplastificate!

Monitorado do Salón coa Rede de Escolas Asociadas da Unesco

Illa do Covo

18.00 h

● **CONTACTOS**

Contos da terra, terra de contos

Celso Sanmartín

Illa do Covo | Público familiar

19:30 h

● FALADOIROS LITERARIOS

TAMÉN EN *STREAMING* www.salondolibro.gal

Encuentro lector con Kiko Dasilva a partir da obra *Os berros da motocicleta*

Conduce: Montse Fajardo

Salón de actos | Público adulto

MÉRCORES 5 DE MAIO

10.30 h

● CONTACTOS VIRTUAL PARA ESCOLAS

SÓ ONLINE www.salondolibro.gal

Plásticos fóra!

Antón Ke

O SalónTV

17.00 a 19.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Libros en movemento para salvar o planeta

Local social de Cons, Mourente

17.15 h

● OBRADOIRO

Obradoiro SORPRESA!

Monitorado do Salón

Sala de exposicións do Pazo da Cultura | Público familiar

18.00 h

● CONTACTOS

Plásticos fóra

Antón Ke

Illa do Covo | Público familiar

18.00 h

● ESCOLA DE ESCRITA

A escribir transformamos o mundo

Manuel Lourenzo González

Sala de obradoiros do Pazo da Cultura | Público xuvenil

Inscricións no correo-e:

salondolibro@pontevedra.gal

19.30 h

● FALADOIROS LITERARIOS

TAMÉN EN *STREAMING* www.salondolibro.gal

Encuentro lector con Montse Pena Presas a partir da obra *Intempestiva. Unha biografía (literaria) de Xela Arias*

Conduce: Rosalía Fernández Rial

Librería Paz

XOVES 6 DE MAIO

10.30 h

● CONTACTOS VIRTUAL PARA ESCOLAS

SÓ ONLINE www.salondolibro.gal

O paraugas Dámeaugas

Anxo Moure

O SalónTV

17.00 a 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movimiento para salvar o planeta

Parque de Campolongo

17.15 h

● **OBRAIDOIRO**

Obradoiro SORPRESA!

Monitorado do Salón

Sala de exposicións do Pazo da Cultura | Público familiar

18.00 h

● **CONTACONTOS**

Cantos, contos e animaladas

Ana Fachini

Illa do Covo | Público familiar

19.30 h

● **FALADOIROS LITERARIOS**

TAMÉN EN STREAMING www.salondolibro.gal

**Editar para coidar o planeta:
Catroventos editora**

Librería Paz

VENRES 7 DE MAIO

10.30 h

● **CONTACONTOS VIRTUAL PARA ESCOLAS**

SÓ ONLINE www.salondolibro.gal

Xela Arias, poeta

Polo Correo do Vento

0 SalónTV

17.00 a 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movimiento para salvar o planeta

Centro sociocultural Casa Verde en Cabanas, Salcedo

17.15 h

● **OBRAIDOIRO ARTÍSTICO**

E ti, como farías? Arte para salvar o planeta

Recanto da Arte. Asociación Paspallás

Illa do Covo | A partir de 6 anos

17.30 h

● **OBRAIDOIRO CREATIVO PARA BEBÉS**

A nosa pegada é verde

Sheila López

Sala de obradoiros | 0-3 anos

18.00 h

● **OBRAIDOIRO AUDIOVISUAL**

Eco BookTubers

Nee Barros

Seminarios | Público xuvenil e adulto

18.00 h

● **ROTEIRO LITERARIO**

Entre libros e árbores

Leucoíña Pasea

Público familiar

Inscripcións a través do enderezo:

paseapontevedra@gmail.com

18.00 h

● **CONTACONTOS**

Xela Arias, poeta

Polo Correo do vento

Illa do Covo | Público familiar

19.00 h

● **TEATRO EN FAMILIA**

Carabela

Galeatro

Auditorio do Pazo da Cultura | Público familiar

19.30 h

● **FALADOIRO LITERARIO**

TAMÉN EN STREAMING www.salondolibro.gal

O oficio de escribir

Ledicia Costas e Mariña Maceiras

Salón de actos do Pazo da Cultura

Público xuvenil e adulto

SÁBADO 8 DE MAIO

MAÑÁ

11.00 a 13.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movemento para salvar o planeta

Explanada da Casa da Cultura de Lourizán

11.15 h

● **OBRADOIRO DE STOP MOTION**

Recirobots

Curiosaurus Club

Sala de obradoiros | A partir de 6 anos

11.15 h

● **OBRADOIRO ARTÍSTICO**

**Espazos que ensinan:
cidade e medioambiente**

Taller Abierto

Illa do Covo | Nenos e nenas de entre 5 e 10 anos

Inscripcións no email:

contacto@tallerabierto.info

11.30 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

Videoxogos e ecoloxía

MUVI

Sala de exposicións do Pazo da Cultura

A partir de 7 anos

12.30 h

● **ESPECTÁCULO DE MAXIA**

Maxia sen desperdicio

Magia en la manga

Illa do Covo | Público familiar

12.30 h

● **ACTO HOMENAXE**

TAMÉN EN STREAMING www.salondolibro.gal

Homenaxe a Helena Villar e Kiko Dasilva

Organizado en colaboración con GÁLIX

Salón de actos do Pazo da Cultura | Público adulto

TARDE

17.00 a 20.00 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Libros en movemento para salvar o planeta

Parque do Casal do Río de Tomezá

17.15 h

● **OBRADOIRO DE COCIÑA**

Eco merendas (con contos!)

ReviraVolta

Espazo Gastrolibro do Pazo da Cultura | De 4 a 10 anos

17.30 h

● **CONTACONTOS PARA BEBÉS**

Cantacontos

Pablo Díaz

Sala de obradoiros do Pazo da Cultura | 0-3 anos

17.30 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

Videoxogos e ecoloxía

MUVI

Sala de exposicións do Pazo da Cultura

A partir de 7 anos

17.30 h

● **OBRADOIRO ARTÍSTICO-AMBIENTAL**

Ler, interpretar, representar: creamos co libro

Recanto da Arte. Asociación Paspallás

Illa do Covo | A partir de 8 anos

19.00 h

● **ESPECTÁCULO DE POESÍA, MÚSICA E DANZA**

ESTREA!

Cantos que cantan

A partir do libro-disco *Lingua Guapa: Contos que cantan* de **Fina Casalderrey** e **Néstor Blanco**

Auditorio do Pazo da Cultura | Público familiar

19.00 h

● **CINE EN FAMILIA**

O segredo de Kells

Animación de Tomm Moore e Nora Towner

Proxección a cargo do **Cineclub de Pontevedra**

Teatro Principal | Público familiar

19.30 h

● **DIÁLOGOS CREATIVOS**

TAMÉN EN STREAMING www.salondolibro.gal

Meu dito, meu feito: unha semblanza sobre BD autoeditada

Actividade en colaboración con AGPI

Cristian Fojón, Inés Casajeros e Miguel Porto

Moderá Óscar Iglesias

Salón de actos do Pazo da Cultura

Público xuvenil e adulto

DOMINGO 9 DE MAIO

MAÑÁ

11.00 a 13.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Libros en movimiento para salvar o planeta

Igrexa de Cerponzóns

11.30 h

● OBRADOIRO DE TECNOLÓXICO

Videoxogos e ecoloxía

MUVI

Sala de exposicións do Pazo da Cultura

A partir de 6 anos

12.00 h

● OBRADOIRO DE AGRICULTURA ECOLÓXICA

A terra e nós: aceites esenciais

Pura Seoane, Hortasán

Illa do Covo

Inscripcións no correo-e:

salondolibro@pontevedra.gal

12.30 h

● CONTOS E MÚSICA

Cantando a prol da natureza

Migallas

Illa do Covo | Público familiar

12.30 h

● ESPECTÁCULO PARA BEBÉS

ESTREA!

Feira de sementes

Babaluva

Sala de obradoiros do Pazo da Cultura | 0-3 anos

TARDE

17.00 a 19.00 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Libros en movemento para salvar o planeta

Pontillón do Castro

17.15 h

● OBRADOIRO TECNOLÓXICO

Videoxogos e ecoloxía

MUVI

Sala de exposicións do Pazo da Cultura

A partir de 7 anos

17.15 h

● OBRADOIRO DE COCIÑA

Eco merendas (con contos!)

ReviraVolta

Espazo Gastrolibro do Pazo da Cultura | De 4 a 10 anos

17.30 h

● ESPECTÁCULO PARA BEBÉS

ESTREA!

Feira de sementes

Babaluva

Sala de obradoiros do Pazo da Cultura | 0-3 anos

17.30 h

● **OBRADOIRO ARTÍSTICO**

E ti, como farías? Arte para salvar o planeta

Recanto da Arte. Asociación Paspallás

Illa do Covo | A partir de 6 anos

18.00 h

● **OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN**

Andersen: un mundo de libros

Susana Suniaga

Teatriño do Pazo da Cultura | A partir de 6 anos

19.00 h

● **ESPECTÁCULO MÚSICAL DE CLAUSURA**

TAMÉN EN *STREAMING* www.salondolibro.gal

Rock para salvar o planeta

Rock Lab

Auditorio do Pazo da Cultura | Público familiar



PARADAS:

- | | | | |
|--------------------------------|--|------------------------------|--|
| SÁBADO
24
ABRIL | 11.00 a 13.30 h Miradoiro de Monte Porreiro
17.00 a 20.00 h A Fracha | DOMINGO
2
MAIO | 11.00 a 13.30 h Illa do Covo
17.00 a 20.00 h O Miradoiro da Tomba |
| DOMINGO
25
ABRIL | 11.00 a 13.30 h Praza do Ramallás, Lérez
17.00 a 20.00 h Praia fluvial da Xunqueira
en Ponte Sampaio | LUNS
3
ABRIL | 17.00 a 19.30 h Mosteiro de Lérez |
| LUNS
26
ABRIL | 17.00 a 19.30 h Local social da Devesa, Alba | MARTES
4
MAIO | 17.00 a 19.30 h Centro social de Marcón |
| MARTES
27
ABRIL | 17.00 a 19.30 h Agro da Igrexa de Bora | MÉRCORES
5
MAIO | 17.00 a 19.30 h Local social de Cons, Mourente |
| MÉRCORES
28
ABRIL | 17.00 a 19.30 h Centro social de Campañó,
en Cabaleiro | XOVES
6
MAIO | 17.00 a 19.30 h Parque de Campolongo |
| XOVES
29
ABRIL | 17.00 a 19.30 h Centro social da Canicouva | VENRES
7
MAIO | 17.00 a 19.030 h Centro sociocultural Casa Verde
en Cabanas, Salcedo |
| VENRES
30
ABRIL | 17.00 a 20.00 h Igrexa de Cerponzóns | SÁBADO
8
MAIO | 11.00 a 13.30 h Casa da Cultura de Lourizán
17.00 a 20.00 h Parque do Casal do Río
de Tomeza |
| SÁBADO
1
MAIO | 17.00 a 20.00 h Centro social de Santa María
de Xeve | DOMINGO
9
MAIO | 11.00 a 13.30 h Igrexa de Cerponzóns
17.00 a 20.00 h Pontillón do Castro |

III CONGRESO INTERNACIONAL DE MEDIACIÓN LECTORA

EDICIÓN

PIRMI

EMERXENCIA LITERARIA: LER EN TEMPOS DE PANDEMIA

XXII SALÓN DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL DE PONTEVEDRA

22 e 29 de abril e 6 de maio de 2021

Inscripcións a través de: www.salondolibro.gal

Entidades organizadoras

Concello de Pontevedra

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra (Universidade de Vigo)

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de
Pontevedra (Universidade de Vigo)

Rede temática de investigación *Las Literaturas Infantiles y
Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano (LIJMI)*

Instituto de Ciencias da Educación. Universidade de Santiago
de Compostela

Comité científico

Jesús Sebastián Díaz Armas (Universidad de La Laguna),
Carmen Franco Vázquez (Liter21). Universidade de Santiago
de Compostela, Xabier Etxaniz Erle (Euskal Herriko
Unibertsitatea), Laura Guerrero Guadarrama (Universidad
Iberoamericana Ciudad de México), Ana Cristina Vasconcelos
Pereira de Macedo (Escola Superior de Educação do Instituto
Politécnico do Porto), Verónica Pousada Pardo (Universidade
de Vigo), Alice Aurea Penteado Martha (Universidade Estadual
de Maringá), Ana María Porto Castro (ICE. Universidade de
Santiago de Compostela), Sara Reis da Silva (Universidade do
Minho), Blanca-Ana Roig Rechou (LIJMI-ICE. Universidade de
Santiago de Compostela), Veljka Rusicka Kenfel (Universidade
de Vigo), Caterina Valriu Llinàs (Universitat de les Illes Balears)

Secretaría

Eulalia Agrelo Costas (Universidade de Vigo)
Isabel Mociño González (Universidade de Vigo)
Eva Mejuto (Coordinadora do Salón do Libro)



XOVES 22 de abril

Presenta e modera:

Tamara Andrés

16.30 h

Inauguración do congreso:

Carme Fouces, concelleira de Cultura de Pontevedra e Jorge Soto, vicerreitor do campus de Pontevedra (Universidade de Vigo)

16.45 h

A lectura (tamén) cura

Jaume Centelles

17.30 h

Abrazar coas palabras: lectura expresiva e en voz alta

Charo Pita

18.30 h

Videoxogos: manual de instrucións

MUVI, Galo Martínez e Luz Castro

19.15 h

Como transmitir a poesía infantil e xuvenil

Fran Alonso

XOVES 29 de abril

Presenta e modera:

Chus Gómez

16.30 h

Agochar a chave que sangra: tabú e censura na LIX

Mar Benegas

17.15 h

Lecturas ilustradas

Luz Beloso

18.15 h

Escribir é divertido

Hematocrítico

19.00 h

Falar de adolescencia(s)

Freddy Gonçalves

XOVES 6 de maio

Presenta e modera:

Nee Barros

16.30 h

Vida de escritor

Jordi Sierra i Fabra

17.15 h

Libros que unen: animar a ler en tempos de pandemia

Comunidade Educativa Alpartir (Zaragoza)

18.15 h

Bubisher: sementeira e colleita no deserto

Gonzalo Moure

19.00 h

Costuras e lecturas: contos desde Medellín

Diego Alejandro Ruiz

19.45 h

Peche do III Congreso Internacional de Mediación

Lectora: 40 anos entre libros

Luz Gallego, Librería Seijas

EXPOSICIÓNS

NO ESPAZO DO SALÓN (PAZO DA CULTURA)

Traballos dos centros de ensino

Obras de centros de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato de toda Galiza realizadas ao longo do curso e coordinadas polo profesorado. Nesta edición contamos con propostas maioritariamente dixitais: vídeos, instalacións e podcast, pinturas ou ilustracións, que se centran na temática deste ano e a obra das figuras homenaxeadas: Helena Villar Janeiro e Kiko da Silva.

Ambientación xeral do Pazo da Cultura

Efímera Espacios Temporales, Ovo Publicidade e Trisquella Comunicación son as responsables de deseñar e crear un acolledor e simbólico espazo, que este ano se desdobra entre as instalacións do Pazo da Cultura e o espazo natural da Illa do Covo, onde o Salón vai desenvolver unha parte importante da súa programación. Son ambientes que nos convidan a gozar da lectura e xogar.

HANS

A mostra recolle o traballo da ilustradora Susana Suniaga para o álbum ilustrado *Hans* que interpreta a vida do autor danés Hans Christian Andersen, escrito por Javier Sánchez Alonso (OOO Editora). Componse de 20 ilustracións orixinais e unha selección dos bosquejos que formaron parte importante no desenvolvemento das ilustracións finais.

kiKONIEC

Un percorrido pola obra infantil de Kiko Dasilva, ilustrador homenaxeado da XXII edición do Salón. Poderemos achegarnos aos orixinais de obras senlleiras como *Moncho e a mancha*, *Rato de campo rato de cidade*, *A memoria das árbores* ou *Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis* (Kalandraka), *Que contan as ovellas para durmir?* (Galaxia), *Fiz o neno máis porco do mundo* (Retranca) e, en primicia, dúas obras inéditas: *Os tres porquiños* e *O gato con botas*.

Helena Villar Janeiro

Pioneira da LIX galega, Helena Villar Janeiro é a autora homenaxeada da presente edición. A través desta mostra achegarémonos á figura, obra e universo creativo da escritora de Becerreá, exploradora de novos camiños e ecosistemas literarios que conta cunha prolífica obra literaria na que cultiva todos os xéneros. O ensino, outra das súas paixóns ao que dedicou toda a vida, é outro dos elementos centrais da exposición. Helena Villar vén de publicar *A fuga de Guillermo* (Galaxia) unha novidade editorial que teremos no Salón.

Videoxogos e ecoloxía

Museo de Videoxogos de Cangas (MUVI)

Unha emocionante viaxe a través dos fitos, dispositivos e videoconsolas máis influentes da historia do lecer electrónico desde un punto de vista sociocultural. Descubre, proba e aprende!

Pode un videoxogo educar? Pode un videoxogo concienciar? Pode. Pode tanto como a palabra dun belo discurso, a fermosura terrible dunha fotografía crítica ou as páxinas dunha novela ou un ensaio.

Amani

Miguelanxo Prado narra desde a palabra e a imaxe a tenra historia de Amani, un hipopótamo que busca nas beiras do río Pantikora o mellor modo de ser feliz sen amolar aos demais. Toda unha lección de vida. Unha maxistral proposta de álbum ilustrado editada por Retranca Editora.

Os Animais de Fraguas

Os Animais de Fraguas recolle o diálogo entre o texto de Antonio Fraguas Fraguas e as imaxes de Miguelanxo Prado, arredor da extraordinaria importancia da presenza e das crenzas sobre os animais na cultura tradicional galega.

Creando *O Pacto do Letargo*

Sabes cal é o proceso creativo de Miguelanxo Prado? Descubre nesta expo como as ideas cobran vida desde a libreta ata a publicación da obra final da man dun dos artistas máis relevantes do panorama galego. *O Pacto do Letargo* está publicado por Retranca Editora.

17 Obxectivos para transformar o noso mundo

UNESCO Etxea

A Axenda 2030 e os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) aprobados por Nacións Unidas centran a mostra que o Centro UNESCO do País Vasco trae ao noso Salón. Componse de dezasete ilustracións (unha por cada ODS resultado dun concurso internacional no que participaron artistas de múltiples procedencias.) A exposición pretende contribuir a que a sociedade coñeza e reflexione sobre os obxectivos definidos pola comunidade internacional para cambiar o rumbo del planeta, poñendo fin á pobreza e protexendo o medio ambiente.

INFINITECA

Esta exposición amosa o proceso de creación dunha BD longa cunha estética homoxénea feita polo alumnado do Curso Profesional de BD do Garaxe Hermético.

INFINITECA é a sexta BD que se realiza no Garaxe Hermético coa colaboración da Deputación de Pontevedra.

Os Libros Xigantes do Salón

Victor Rivas


En pasadas edicións, a rapazada xunto a ilustradores e ilustradoras elaboraron en conxunto varios libros xigantes cheos de historias, debuxos e palabras que foron xurdindo ao fio das actividades do Salón. Este ano podemos gozar coas obras resultantes de tan “titánico” traballo.

POR TODA A CIDADE

ORBIL PARADE

- Sete estatuas da nosa mascota, o lobo ORBIL, estarán espalladas por toda a cidade.
- Explora, descúbreas e envíanos unha foto a salondolibro@pontevedra.gal
- Tamén podes colgalas nas túas redes usando o cancelo **#OrbilParade**





MÁNDALLE UNHA CARTA À TERRA

Este ano o país convidado no Salón non é un, son todos. Toda a Terra!
Queres escribirlle unha carta? Convidamoste a facelo. Colle lápis e... adiante!

Podes escribirlle o que ti queiras ou facer un debuxo: fálalle do que máis che gusta dela, do que fas para axudala, dos libros e as historias que che fan soñar con ecosistemas e espazos naturais increíbles que aínda non coñeces e deveses por coñecer...

Podes imprimir esta carta en papel reciclado, ou empregar restos de cartón, ou papeis usados que teñas pola casa. Premiaremos a carta máis ecolóxica! Despois déixaa na “Caixa de cartas para a Terra” que hai no Salón. Lembra deixar un enderezo electrónico ou teléfono móbil dunha persoa adulta responsable para participar no sorteo dun lote de libros.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

CARTA PARA A TERRA DE:

**Teléfono ou enderezo
electrónico dunha
persoa adulta responsable
para participar no sorteo:**

O sorteo realizarase publicamente o día 9 de maio de 2021 ás 18.00h na sala de exposicións do Pazo da Cultura de Pontevedra, escollendo unha carta de entre todas as introducidas no "Caixa de cartas para a TERRA".
Este teléfono ou correo-e **só será empregado para notificar** á persoa responsable gañadora do sorteo.
Non gardaremos estes datos de carácter persoal nin os empregaremos para ningún outro fin que non sexa a notificación á persoa gañadora. O resto de cartas enviadas serán gardadas polo Concello de Pontevedra durante 6 meses e debidamente destruídas posteriormente



Entidades e persoas colaboradoras

Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)
Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola
Centro de Formación e Recursos de Pontevedra (CEFORE)
Centros de ensino de Pontevedra e comarca
CESPA Pontevedra
Cineclub Pontevedra
Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga
Deputación Provincial de Pontevedra
Eulalia Agrelo
Fina Casalderrey
GÁLIX
Librería Paz
Librería Seijas
Museo de Pontevedra
O Garaxe Hermético
Pilar Sampedro
Rede Temática de Investigación LIJMI. Instituto de Ciencias da Educación USC
Seminario Permanente de Jazz
Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra
UNESCO Etxea
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo
Viaqua

• • •

Un agradecemento moi especial ás institucións:

Rede de Escolas Asociadas da UNESCO. En especial a Luisa Márquez e Susi Enguidanos.

• • •

Este programa e todo o afecto do Salón do Libro vai para **Helena Villar Janeiro** e **Kiko da Silva**, pola súa contribución á literatura infantil e xuvenil na nosa lingua e polo seu traballo en dignificar e divulgar a palabra escrita, a ilustración e a BD para as crianzas.

• • •

Ás librerías de Pontevedra, ás escolas galegas e aos colectivos,
e a tantas persoas que axudaron a facer realidade estes máis de vinte anos do Salón,

GRAZAS

Salón Internacional do Libro Infantil
e Xuvenil de Pontevedra

O SALÓN é unha actividade promovida e financiada por:



O
S
A
L
O
N

www.salondolibro.gal

